



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA**

**28/08/2008**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE  
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### **AUSENTES:**

### **SECRETARIO:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vinteito de agosto de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26/06/2008.**

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 26/06/2008. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.

#### **2º.- APROBACION ORZAMENTO XERAL DO ANO 2008, CADRO DE PERSOAL E RPT**

Lido o polo Sr. Secretario o ditame da comisión informativa de data 21/08/2008, o Sr. Alcalde



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

propón ao amparo do artigo 91.3 do ROF retirar o orzamento da orde do día para estudar mellor algunha partida de ingresos e gastos e levalo ao próximo Pleno ordinario.

O Sr. Varela Rodríguez pide que se explique porqué retírase o asunto, xa que se trasladou o pleno de xullo a agosto, aceptándose de boa fé devanditos cambios, polo que será a última vez que accedamos a cambiar un pleno. Sinala tamén que retírase un asunto tan importante para o Concello o que mostra o deixamento do equipo de goberno e deixa en evidencia outras razóns escondidas.

O Sr. Alcalde explica que hai conversacións con Enerfín para asinar un novo convenio, que as primeiras aproximacións non nos satisfán dada a rendibilidade conseguida polo Concello de Rodeiro no ICIO con 770.000 euros, e Chantada ten dereito a máis, polo que haberá que adoptar vías de negociación ou outras vías.

### **3º.- CONCESION BONIFICACIONES DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS NO CASCO ANTIGO DE CHANTADA**

Neste momento o Sr. Iglesias Delgado auséntase do debate e a votación do asunto por ter un interese persoal no mesmo.

Vistos os escritos de D. Marcos Vázquez Expósito, de data 30/05/2008, RE nº 1985, D. Jesús Montes Otero en nome de D<sup>a</sup> sofía Montes Vázquez, de data 30/05/2008, RE nº 1981, e D. Roberto Iglesias Delgado de data 29/05/2008, RE nº 1962, nos que solicitan unha bonificación do 95% no Imposto de Construcións, instalacións e Obras en relación coas licenzas de obras de rehabilitación de vivendas no casco antigo de Chantada concedidas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 17/01/2008, 9/09/2004 e 30/09/2004 respectivamente.

Tendo en conta que por acordo plenario de data 7/09/1999 o Concello de Chantada solicitou a declaración de Area "de Rehabilitación Integrada" ou denominación equivalente para o casco antigo de Chantada, declarándose como tal en data 5/06/2000.

Resultando que en data 7/08/2001 a asino o "Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Chantada en materia de actuacións no area de rehabilitación do casco antigo de Chantada, 1ª fase," complementado por outros posteriores.

Vistos os informes favorables da Interventora municipal de datas 11/07/2008, nos que sinala que procedería a aplicación da bonificación solicitada e a devolución do 95% do imposto ingresado no seu día, por importes de 2.269,17 euros, 970,72 euros, e 1.615,53 euros respectivamente.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:

*2. As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto: a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

Vista a Ordenanza fiscal reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do

Concello de Chantada", aprobada na sesión plenaria do día 13/03/2008 (BOP de 22/05/2008), que establece a seguinte bonificación:



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

<b>Construcións, instalacións ou obras declarables de especial interese ou utilidade municipal</b>	<b>Porcentaxe de bonificación</b>
Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.	95%

Considerando o disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de economía, facenda, réxime interior de data 21/08/2008.

Aberto o debate o Sr. Alcalde explica que se liquidou o imposto de construcións, instalacións e obras só a estes tres cidadáns en todo o casco histórico de Chantada, o que era discriminatorio e non procedía, xa que tampouco se recollían esas bonificacións na ordenanza fiscal.

O Sr. Varela móstrase de acordo e sinala que na obra do PDT no casco histórico liquidouse o imposto de obras ao Consorcio de turismo.

O Sr. Piñeiro Díaz apunta que agora van solicitar a bonificación do imposto liquidado.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Marcos Vázquez Expósito, D<sup>a</sup>. Sofía Montes Vázquez, e D. Roberto Iglesias Delgado unha bonificación do 95% no Imposto de Construcións, instalacións e Obras en relación coas licenzas de obras de rehabilitación de vivendas no casco antigo de Chantada, por ser de especial de especial interese municipal todas as actuacións realizadas no area de rehabilitación do casco antigo de Chantada.

**SEGUNDO.-** Devolver aos interesados o importe correspondente a tal bonificación nos casos que fosen ingresados de acordo coas liquidacións practicadas en cada caso.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ós interesados e comunicarllo os departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Igrexas Delgado que se ausentou da mesma.

#### **4.- ADHESION REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE**

Vista a Orde do 23 de maio de 2008, pola que se crea a Rede galega de concellos pola sustentabilidade, publicada no DOGA número 107, de data 4 de xuño de 2008.

Vistos os obxectivos desta Rede galega de concellos pola sustentabilidade, e que son os seguintes:



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Facilitar a capacitación técnica e metodolóxica dos concellos nos procesos de integración da sustentabilidade na xestión municipal a través de instrumentos como a Axenda 21 local.
- Dotar os concellos de recursos compartidos que faciliten e optimicen o desenvolvemento destes plans de sustentabilidade.
- Fomentar a comunicación, cooperación e intercambio de información entre concellos e entre as distintas administracións, e incidir na integración da sustentabilidade no desenvolvemento de políticas supramunicipais.
- Elaborar e desenvolver proxectos conxuntos que faciliten a introducción de criterios de sustentabilidade nos concellos.
- Potenciar a educación na cultura da sustentabilidade e promover a participación do conxunto da sociedade.
- Fomentar a cooperación con outras redes que promovan a sustentabilidade desde a escala local no ámbito estatal e internacional.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de economía, facenda, réxime interior de data 21/08/2008.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

- 1.- Adherirse á Carta de Aalborg + 10, comprometéndose a potenciar o desenvolvemento sustentable do concello mediante a participación cidadá e a implicación dos sectores económicos e sociais.
- 2.- Comprometerse á adhesión do concello á Rede de cidades e municipios polo clima.
- 3.- A adhesión á Rede galega de concellos pola sustentabilidade e a inscrición no seu rexistro.
- 4.- Organizar unha comisión técnica de seguimento no concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade.
- 5.- Designar un vocal e un suplente, que actuarán como representantes do concello na Asemblea Xeral da Rede.
- 6.- Fomentar canales estables de participación cidadá e comprometerse a organizar e manter os foros de participación da Axenda 21 Local.

O Sr. Alcalde procede á lectura da seguinte declaración institucional:

## **DECLARACION INSTITUCIONAL**

*Tras un largo proceso, en 1992 case douscentos países acordan na 11 Conferencia sobre Ambiente e Desenvolvemento (Cumio da Terra) en Río de Janeiro subscribir un acordo xeral de carácter histórico, a chamada Axenda 21, un plan de acción hacia a sustentabilidade. Pero axiña as cidades asumen o protagonismo de trasladalo ao seu ámbito e en 1994 celébrase na cidade danesa de Aalborg a Conferencia Europea de Cidades e Pobos Sostibles que aproba a chamada Carta de Aalborg, o documento fundacional da Axenda 21 Local.*

*A importancia deste acordo é tal que pode afirmarse que hai un antes e un despois da Carta de Aalborg para o medio ambiente urbano, na medida en que os seus contidos influiron decisivamente nas políticas de estado, nos programas políticos e, o que é máis importante, no espertar das comunidades locais hacia a sustentabilidade.*

*En xuño de 2004, a Conferencia Aalborg + 10 fixo balance da primeira década de aplicación da Axenda en Europa e aprobou un novo documento, Construíndo Futuro, que marcará o devenir*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*da xestión pública da sustentabilidade nos próximos anos. Os 21 obxectivos que se propón alcanzar son, probablemente, o marco de actuación máis claro e ambicioso que os municipios se plantearan nunca nesta materia.*

*A Axenda 21 Local forma xa parte da linguaxe cotiá e da política local. España, ademáis, foi unha das grandes referencias internacionais na implantación e desenvolvemento dos principios de Aalborg, gracias ó papel que durante estes anos xogaron os cidadáns, as organizacións ecoloxistas e os gobernos locais de centos de municipios na última década.*

*A Axenda 21 Local é, ademáis, un extraordinario precursor da innovación na xestión pública toda vez que a súa adopción require buscar acordos sociais, racionalizar procesos, introducir criterios de calidade e ofrecer novos estándares na prestación de servizos.*

*En consecuencia, o futuro da sociedade depende da nosa habilidade para restaurar e manter as estruturas e as súas relacións fundamentais coa natureza.*

*E polo tanto, vista a Orde do 23 de maio de 2008, pola que se crea a Rede galega de concellos pola sustentabilidade, mediante a que se intenta crear unha asociación voluntaria de concellos que pretende impulsar o desenvolvemento efectivo dos plans de sustentabilidade local (Axenda 21 local), cos seguintes obxectivos estratéxicos:*

- *Facilitar a capacitación técnica e metodolóxica dos concellos nos procesos de integración da sustentabilidade na xestión municipal a través de instrumentos como a Axenda 21 local.*
- *Dotar os concellos de recursos compartidos que faciliten e optimicen o desenvolvemento destes plans de sustentabilidade.*
- *Fomentar a comunicación, cooperación e intercambio de información entre concellos e entre as distintas administracións, e incidir na integración da sustentabilidade no desenvolvemento de políticas supramunicipais.*
- *Elaborar e desenvolver proxectos conxuntos que faciliten a introducción de criterios de sustentabilidade nos concellos.*
- *Potenciar a educación na cultura da sustentabilidade e promover a participación do conxunto da sociedade.*
- *Fomentar a cooperación con outras redes que promovan a sustentabilidade desde a escala local no ámbito estatal e internacional.*

*Por último e finalmente, en representación deste Concello, comprométome no día de hoxe, desta forma e con esta declaración solemne, á implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade neste concello.*

## **5º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

### **5.1.- BNG. Sobre a compensación aos concellos con centrais hidroeléctricas e parques eólicos pola redución do IBI**

*“O Real Decreto 1464/2007, polo cal se aproban as normas técnicas de valoración catastral, establece tanto as normas específicas de valoración como os coeficientes correctores diferenciados que deberán ter en conta os concellos para fixar o Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) sobre os Bens Inmóbeis de Características Especiais (BICES), tais como centrais hidroeléctricas, parques eólicos, estradas e autoestradas, etc. A nova normativa tamén atribúe ao Catastro a exclusividade para levar a cabo as ponencias de valores, tomando, como único criterio o método*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*de valoración do citado Real Decreto, que recolle os módulos contemplados nos anexos para cada unha das clases de bens inmóbeis de características especiais.*

*Esta nova lexislación afectou negativamente a boa parte dos concellos galegos con centrais hidroeléctricas, grandes encoros e presas, xa que os valores catastrais deste tipo de bens e instalacións teñen reducido, cos novos criterios de valoración, os ingresados e consolidados no ano 2007 e anteriores. Desta forma, a recadación por IBI, unha das principais fontes de ingresos das arcas municipais xa de por si deficitarias, ten diminuído considerabelmente.*

*Por outra banda, o citado Real Decreto non ten en conta a sentenza do Tribunal Supremo do ano pasado, pola que se estimou a reclamación da FEGAMP. Esta sentenza establece, a efectos do IBI, a consideración como Bens Inmóbeis de Características Especiais dos parques eólicos en réxime especial. Porén, ao non estar incluído o contido da sentenza no Real Decreto, moitos municipios enfróntanse ao problema de que o catastro non realiza a correspondente valoración sobre estes novos BICES.*

*E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte ACORDO:*

*Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle:*

*1.- Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Bens Inmóbeis de Características Especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.*

*2.- Modificar o Real Decreto 1464/2007, de xeito que se inclúa o contido da sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio do 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos.”*

Defende a moción o Sr. Piñeiro, explicando que a recadación polo Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) nestes concellos redúcese considerablemente, polo que hai que emprazar ao goberno central para que modifique a Lei de Facendas Locais e faga unha repartición máis equitativa ao verse reducidas a recadacións polo IBI. Sinala tamén que en Galicia se están explotando os nosos recursos e non nos beneficiamos destas explotacións, xa que ningunha destas empresas están no noso país.

A Sra. Interventora explica que en Chantada hai dúas presas, a de Belesar e a de Peares, e as dúas incrementan o valor catastral; a nivel de IBI, cun gravame do 1.3 auméntase a recadación en 28.000 euros, pero outros concellos de Lugo e Ourense afectados por este real decreto ven reducidas as súas recadacións.

O Sr. Varela móstrase totalmente de acordo e apoia a moción, sinalando que o goberno central non beneficia nada aos galegos, e que espera que non se faga igual que o que se fixo co prezo da luz. Sinala tamén as deficiencias no financiamento dos concellos que cada vez prestan mais servizos aos cidadáns, polo que todo o que sexa defender aos concellos neste tipo de iniciativas vai contar co noso apoio.

O Sr. Alcalde abstense e sinala que non comparte que o goberno central trate mal aos concellos de Galicia, pero que isto debe canalizarse a través da FEGAMP, e que se estará de acordo coa postura da FEGAMP sen facer abandono dos nosos privilexios.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Varela di que nestes casos pode estar ben adiantarse aínda que non nos afecte directamente, e facer ver á FEGAMP que é necesario.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 9 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PP e BNG, e 4 abstencións correspondentes aos membros do grupo PSOE.

## 5.2.- PP. Sobre un Plan de axuda para o comercio galego e chantadino.

*“Diante da situación de crise económica que está a atravesar a nosa Comunidade Autónoma e da particular incidencia que esta ten no sector comercial galego e nomeadamente no Chantadino, cómpre impulsar coa maior brevidade posible un conxunto de medidas que permitan paliar e contrarrestar os seus efectos.*

*Ninguén dúbida que a importancia do comercio en Galicia e en Chantada é esencial, e moi especialmente o comercio retalista que ademais da súa importancia económica constitúe un instrumento de cohesión e ordenación do territorio e dinamizador socioeconómico (xerador de emprego fundamentalmente), con especial relevancia nas zonas rurais como a nosa.*

*O Instituto Nacional de Estatística (INE), fai a seguinte radiografía do comercio no noso País:*

<b>Número de locais</b>	<b>Persoal Ocupado</b>	<b>Volume de Negocio</b>
63.661	190.576	30.035.745.000 €

*Datos que se desagregan nos seguintes:*

### **I.- Venta, mantemento e reparación de vehículos de motor e motocicletas; venda retalista de combustibles (CNAE 50):**

<b>Número de locais</b>	<b>Persoal Ocupado</b>	<b>Volume de Negocio</b>
6.706	27.583	5.205.554.000 €

### **II.- Comercio ao por maior e intermediarios do comercio; excepto vehículos de motor e ciclomotores (CNAE 51):**

<b>Número de locais</b>	<b>Persoal Ocupado</b>	<b>Volume de Negocio</b>
15.363	59.652	19.59.677.000 €

### **III.- Comercio polo miúdo (excepto vehículos de motor, motocicletas); reparación de efectos persoais e enseres (CNAE 52):**

<b>Número de locais</b>	<b>Persoal Ocupado</b>	<b>Volume de Negocio</b>
41.592	103.342	10.570.514.000 €

*A ralentización do consumo, que xa é unha evidencia, ten forzado aos grupos de distribución e aos pequenos comercios con presenza en Galicia a modificar a súas estratexias de vendas, así como a algúns establecementos retalistas a pór en marcha rebaixas nos seus prezos, para alentar as compras.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*Segundo datos feitos públicos pola propia Federación Galega de Comercio, os efectos da crise xa se están a nota cun descenso nas vendas de entre un 25% e un 30%. Isto está levando ao peche a centenas de comercios na nosa Comunidade.*

*Dada a importancia do sector comercial de Chantada, o noso Concello non pode, nin debe, permanecer á marxe dos graves problemas que está a afrontar este sector. Cómpre pois centrarse en atopar as mellores medidas nos distintos eidos para paliar os efectos desta crise, concentrando todos os esforzos neste obxectivo que é o verdadeiramente relevante neste momento.*

*Por todo o exposto, o Grupo Popular de Chantada presenta a seguinte Moción a fin de que :*

*1. O Pleno do Concello de Chantada se dirixa o Goberno da Xunta de Galicia co obxectivo de:*

- A) Aprobar un Plan de choque para combater os efectos da crise económica no comercio galego.*
- B) Que cree unha Oficina de Asistencia Técnica ao Comercio Chantadino.*

*No ámbito municipal e dende a Concellería de Industria:*

*2. Deseñar un programa específico para o Comercio Chantadino en colaboración ca Asociación de Empresarios e Comerciantes de Chantada así como outras entidades e asociacións bicadas no noso Municipio, co obxectivo de impulsar o sector comercial da Vila.”*

Defende a moción a Sra. López Abella, explicando que a crise económica está provocando o peche de pequenos e medianos establecementos, polo que son necesarias medidas de apoio ao comercio galego e chantadino desde todas as administracións, autonómica e local, para fortalecer este sector importante.

O Sr. Mazaira Varela explica que a crise afecta a todos os sectores, e que a Consellería de Industria a través da Dirección Xeral de Comercio está levando a cabo políticas de apoio ao comercio, con medidas como o Plan específico de renovación e mellora do comercio galego, que favorece o comercio de proximidade; a lei de horarios comerciais; a rede de comercio rural galego; o anteproxecto de lei do comercio galego que se vai a levar ao Parlamento apoiada polos principais patronais como a Federación Galega de Comercio; e a plataforma do comercio comerciante polo miúdo a través de Internet para abrir as posibilidades de venda e chegar a todos os sitios. Tamén argumenta que hai liñas de axuda para a mellora e renovación do comercio en Chantada, cun proxecto de recuperación do mercado de abastos por importe de 375.000 euros da Dirección Xeral de Comercio. Así mesmo apunta que a crise afecta a todos os sectores, que non basta cun plan de choque ou unha oficina, que o pequeno comercio ten as necesidades cubertas e que a asociación de empresarios ten satisfeitas as súas demandas, que se van a empregar 64.000 euros en accións para dinamizar o comercio, e que non ven motivos para crear oficinas de asistencia técnica para só solicitar subvencións, polo que hai que aguantar a crise cíclica polo que van rexeitar a moción.

O Sr. Iglesias móstrase de acordo coa postura do Sr. Mazaira

A Sra. López Abella explica que o pequeno comercio está sufrindo moito, como o sector gandeiro e a viticultura, e que o goberno de Madrid non está facendo nada e estes sectores que están sendo moi castigados. Tamén sinala que os proxectos da Consellería de Industria e Comercio foron postos en marcha por parte do goberno do PP e que as oficinas non son só burocráticas, pondo como exemplo as oficinas de Lalín e Estrada, dentro dun programa da Deputación de Pontevedra financiado con fondos europeos que deu moi bos resultados: estudos, persoal técnico especializado, plans de calidade, modernización da estrutura comercial, usos de novas tecnoloxías, etc., polo que lamenta que non se apoie a moción.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Mazaira di lles parece un malgasto de diñeiro abrir unha oficina aquí en Chantada, que a asociación de empresarios piden unha unidade diferencial, e que a Consellería financiou o máximo subvencionable que era o 70% do importe solicitado pola asociación de empresarios, e se eles non consideran que teñen mais necesidades porque nós imos facelo.

A Sra. López Abella di que España é o país ao que menos afecta a crise, que o goberno do PSOE non recoñeceu a crise ata hai pouco, que non se falou de subvencións, e que non todos os

comerciantes de Chantada están na asociación. En canto ás oficinas e o plan de choque sinala que son necesarios para combater os efectos da crise económica, xa que un 95 % dos comerciantes son pequenos e medianos comerciantes, onde traballan a unidade familiar e sosteñen a economía desta comunidade autónoma, polo que non se tergiverse o sentido da moción.

Sometido o asunto a votación, é denegado por seis votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP, e sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG.

### **5.3.- PP. Sobre a nova Directiva Comunitaria respecto da xornada laboral que modifica a aprobada en novembro de 2003.**

*“O pasado mes 10 de xuño, o Consello de Ministros da Unión Europea aprobou unha nova Directiva sobre a duración da xornada laboral que modifica substancialmente a aprobada en novembro do 2003.*

*A nova Directiva establece que, como norma xeral, a semana de traballo na Unión Europea debe ter 48 horas como máximo. Sen embargo se permitirá, en virtude de acordos individuais entre empresario e traballador, se poida alongar a xornada e elevar o teito ata as 60 horas por semana, e ata 65 horas no caso das gardas médicas.*

*As salvagardas introducidas na nova Directiva, inclúen que a adopción deste novo teito de 60 horas obedece a necesidades de sectores minoritarios e que só se adoptará de forma voluntaria trala negociación individual entre o traballador e o empresario, acordándose por escrito, e nunca o firmar o contrato, sendo especialmente chamativo o feito de que os contratos con duración inferior a 10 semanas, non terán limitación horaria.*

*O grupo municipal popular de Chantada Non está De acordo cunha medida desta natureza e rexeitamos con contundencia esta directiva xa que entendemos prexudica seriamente ao traballador e porque entendemos que os incrementos da produtividade deben basearse na tecnoloxía, na sociedade de información, na innovación, e na I+D, e nunca basearse, na sobreexplotación no traballo nin nos baixos custes laborais.*

*Por todo elo, o Grupo Municipal Popular presenta para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello a seguinte Moción:*

- 1. O Concello de Chantada expresas o seu rexeitamento a proposta da Directiva Europea que pretende ampliar a xornada de traballo 60 horas, 65 en determinados sectores, por prexudicar seriamente os intereses sociolaborais dos traballadores.*
- 2. O Concello de Chantada manifesta a súa confianza en que a negociación colectiva siga a ser a vía e o eixo de xiro para acadar acordos no ámbito laboral e, en particular, para establecer a xornada laboral.*
- 3. O Concello de Chantada insta ao Goberno Central a modificar a súa tibia actual posición ante esta nova Directiva, e votar NO ante os futuros debates da Directiva no seo da Unión Europea e do Parlamento Europeo.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

4. *O Concello de Chantada insta a tódalas formacións políticas con representación no seno da Unión Europea e no seno do Parlamento Europeo a emprender as iniciativas oportunas para a non aprobación da nova Directiva.”*

Defende a moción a Sra. López Abella, explicando o contido da mesma.

O Sr. Iglesias sinala que comparten a filosofía da moción, pero que no punto número tres debería cambiarse a expresión “tibia posición” por “manter a súa actual posición”, porque a actuación do goberno central é clara e noutros concellos votouse así.

O Sr. Varela non ve inconveniente en quitar esa coetilla e substituílo polo sinalado polo Sr. Iglesias.

O Sr. Piñeiro sinala que foi no Tratado de Lisboa onde se concreta a precariedade do traballo, apoiado polo PP, e que apoia esta proposta xa que non están de acordo con esta xornada.

A Sra. Abella di que se debateu ata seis veces e ata o mes de xuño sempre foi rexeitada, e que foi o goberno socialista de Gordon Brown o promotor da mesma, agradecendo o apoio á moción.

Sometido a moción a votación, coa emenda do Sr. Iglesias, é aprobado por unanimidade.

## 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

### ROGOS

1. Sr. Varela: Na Avenida de Lugo, fronte á gasoleira, hai plaquetas levantadas habería que substituílas.
2. Sr. Varela: Na Avenida de Lugo xunto ao edificio á beira da funeraria Calvo quitaron un poste perigoso pero hai unha focha, habería que botar formigón ou aglomerado asfáltico.
3. Sr. Varela: Vecinos quéixanse que na terreza de Roberto molestan as mesas ao pasar polo paseo fluvial, xa que están arrimadas ao muro e teñen que pasar entre as mesas

### PREGUNTAS

1. Sr. Varela: Que criterios se seguiron para variar os pasos de peóns. No paso de peóns de Alfredo Méndez ao aparcas os coches no carga e descarga non ven os peóns, polo que habería que cambiar o vao ou o paso de peóns.

- Sr. Iglesias: O criterio seguido foi gañar oito prazas de aparcadoiro, e non existe carga e descarga. Houbo varias queixas e hai un compromiso cos comerciantes da zona de manter os dous pasos de peóns.

2. Sr. Varela: Escoitamos aos cidadáns dicir que porqué non se avisou por carta do cobro das taxas de vehículos, vaise a seguir facendo o mesmo outros anos?

- Sr. Alcalde: Foi un erro do banco que non fixo ben as notificacións, prolongouse un mes máis o período de cobro e mandouse cartas aos que non pagaron. Para outros anos darase publicidade suficiente.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

3. Sr. Varela: Que cantidade achegou medio rural para a roza dos perímetros das casas no rural.

- Sr. Alcalde: 36.000 euros, segundo o convenio.

4.- Sr. Varela: Respecto das festas, o ano pasado púxose na páxina web quen dera donativos e quen non, sendo de dubidosa legalidade. Vaise a seguir facendo este ano?

-Sr. Iglesias: Consultámolo e podíase facer, quizais o que molestou foi a expresión “non quixo dar”, que había que habelo deixado en branco. Este ano vai aparecer, estamos vendo como ponemos quen non dan.

5.- Sr. Varela: Parece contradictorio que se enviaron notificacións de ingreso de cotas das festas e non hai diñeiro para notificar as taxas de vehículos.

- Sr. Iglesias: Había dúas posibilidades, utilizar o padrón, o que supuña 9.000 cartas, ou utilizar os recibos de Aquagest e enviar cartas só a cada familia. A formula saíu ben e foi a mais económica, o próximo ano melloraremos o sistema.

6.- Sr. Varela: Estaba “Sinistro total” nas festas, a Xunta promocionaba unha parte?

-Sr. Iglesias: 23.000 euros, a metade había que pagarlles.

7.- Porqué repetiu “Berrugeto”, non lles deron outra opción?

- Sr. Iglesias: Porque viña gratis, Caixanova puxo na mesa “Guerrugeto”, aínda que non tivo moito público.

E sendo, as vinteuna horas e quince minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 29 de agosto de 2008

O ALCALDE

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

O SECRETARIO

Rafael del Barrio Berbel